

ACCESO Á UNIVERSIDADE DENDE FPGS

CIFP ÁNHEL CASAL MONTE ALTO
DEPARTAMENTO DE INFORMACIÓN E ORIENTACIÓN PROFESIONAL

ACCESO UNIVERSIDADE DENDE FPGS

As persoas que dispoñan do título de técnico superior de formación profesional, poderán acceder a calquera titulación de grao universitario de modo directo, SEN NECESIDADE de realizar as ABAU e dentro da cota xeral

No caso de que o número de solicitudes de admisión a unha titulación universitaria, sexa maior ao número de prazas dispoñibles, e a efecto de ordear as solicitudes para a adxudicación de prazas, utilizarase unha nota de admisión que coincidirá coa nota media do ciclo formativo (NMC). Máis información en <https://www.edu.xunta.gal/fp/acceso-universidade>

PROCEDEMENTO PARA MELLORARA NOTA DE ADMISIÓN

As persoas que necesiten mellorar a súa nota de admisión deberán realizar os exercicios da **fase voluntaria** da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU)

Neste caso a nota de admisión para aos estudos universitarios de grao calcularase mediante a seguinte fórmula:

$$\text{Nota de admisión} = \text{NMC} + a * M1 + b * M2$$

M1 e M2: cualificacións dun máximo de dúas materias superadas da fase voluntaria
a e b: Parámetros de ponderación das materias dos exercicios superados

Toda a información en: <https://www.ciug.gal/gal>

TER EN CONTA

O alumnado de 2º curso do réxime ordinario pode solicitar matrícula nas ABAU e presentarse aos exames para subir nota a pesares de non ter rematado o ciclo, xa que dende secretaría do CIFP certificarase que tendes superados todos os módulos e estades realizando a FCT



PROCESO DE MATRÍCULA NA ABAU PARA O ALUMNADO DE CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR

A finais do mes de abril ou a comezos do mes de maio, o titor/a do grupo recollerá nunha listaxe o nome e apelidos do alumnado de 2º curso do réxime ordinario que desexa presentarse ás ABAU (fase voluntaria); e a entregará na secretaría do CIFP

Posteriormente e dentro do prazo de matrícula anticipada; o interesado deberá realizar a matrícula a través da plataforma NERTA, na páxina da CIUG (comisión interuniversitaria galega)